



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR HERMANOS QUIROGA
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: MATEMÁTICAS
DATA: 11/05/2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer os números do 0 ao 999. Ler, escribir e ordenar os números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	Alcanza unha eficaz alfabetización numérica e capacidade para enfrentarse con éxito a problemas que impliquen os números e as súas relacións. Le, escribe e ordena os números ata mil.
Realizar operacións e cálculos numéricos de sumas e restas con levadas. Coñecer as tablas de multiplicar.	Realiza correctamente o cálculo con llevadas e toma a decisión en cada caso sobre o que se debe facer.
Descompoñer números: unidades, decenas e centenas.	Domina as relacións numéricas que se derivan das capacidades como a habilidade para a estimación e o cálculo natural.
Coñecer a diferenza entre suma, resta e multiplicación.	Calcula con fluidez e realiza estimacións razoables en equilibrio entre comprensión conceptual e cálculo.
Recoñecer un problema e ter a destreza para resolvelo a partir dos contidos traballados.	Explica e comprende cal é o proceso de resolución de problemas. A resolución de problemas é unha maneira de entender o traballo matemático.
Identificar os polígonos ata seis lados.	Identifica formas e estruturas xeométricas e espaciais, sobre todo na clasificación, descripción e no espacio.
Interpretar e identificar a posición dos obxectos no espacio a partir de recursos didácticos.	Describe e identifica a situación e posición dos obxectos no espacio.
Recoñecer o valor e relación dos números naturais a partir de xogos ou actividades interactivas.	Utiliza e mostra actitudes idóneas coa matemática en contextos, sabendo que a comprensión e o significado dos resultados é un coñecemento máis alá da destreza de cálculo.
Coñece e interpreta as unidades básicas de medida do tempo, utilizándoas para a resolución de problemas da vida diaria.	Le e interpreta a hora e reloxos analóxicos e dixitais.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Envío dun boletín de actividades aos alumnos onde poden atopar os exercicios e recursos interactivos de apoio.
Cualificación final	A cualificación final obterase a partir da media das cualificacións do primeiro e segundo trimestre. Se o alumnado fai todo o traballo da materia proposto, a nota final poderá subir ata un punto.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	A proposta de actividades é a seguinte: - Sumas e restas con levadas. - Escritura e lectura dos números (0-999). - Resolución de problemas matemáticos. - Descomposición de números naturais. - Multiplicación. - Retos matemáticos. - Figuras planas. - Xogos de memoria.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Moitas das actividades propostas realízanse en papel. Todo o alumnado ten libretas para copialas e facelas. Algunhas son actividades para facer pola casa con recursos caseiros. Outras son actividades interactivas de reforzo para facer no ordenador, tablet ou teléfono.
Materiais e recursos	As actividades propostas realízanse en papel e con recursos caseiros. Tamén hai actividades interactivas de reforzo para ordenador, tablet ou teléfono.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias e publicidade	O alumnado será informado a través do medio que cada familia decidiu e contando sempre con todos os permisos oportunos. Este medio pode ser e-mail ou whatsapp. Dende o centro se publicitará toda a información referente ao terceiro trimestre por diversos medios así como por notificacións a través do sistema de ABALAR MÓBIL. En moitos casos o titor contactará directaente coas familias para comunicarlles a información que considere oportuna en fución da situación académica do seu fillo, esta comunicación será por correo electrónico ou a través de chamadas telefónicas.